

ASISTENTES:

**Alcalde:**

D. José Luis García López

**Concelleiros:**

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen Torreiro González

D<sup>a</sup>. Aurora Varela Duro

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Pilar Castro Vallo

D. Miguel Sánchez Varela

D. Xosé Luis Fernández Segade

D. Antonio Orois Valiño

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Rosario Vázquez Orois

D. Alfonso Orois Conde

D<sup>a</sup>. Cristina Castro Pampín

D. Alfonso Lodeiro Regueiro

D. Javier Rodríguez Vázquez

D<sup>a</sup>. Begoña Balado Conde

**Secretaria accidental:**

D<sup>a</sup>. Marta Pérez Iglesias

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. Olga Castro Fernández

**ACTA**

En Arzúa, a 23 de decembro de 2014.

Sendo as 20.10 horas, reúnen no Salón de Sesiões da Casa do Concello os concelleiros que se relacionan á marxe, integrantes do Pleno deste Concello, co obxecto de celebrar en primeira convocatoria a sesión ordinaria convocada para este día.

De seguido, pasouse a tratar sobre os seguintes asuntos que integran a orde do día desta sesión:

A) PARTE RESOLUTORIA:

*Punto 1º* **LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CELEBRADA O DÍA 25 DE NOVEMBRO DE 2014.**

Polo presidente comentouse que ao parecer nesta acta habería que facer unha corrección que pasará a indicar a secretaria accidental.

Pola secretaria accidental informouse segundo lle comentou o secretario titular do Concello, na acta da sesión anterior figuraba como asistente un concelleiro, en concreto, D. Miguel Sánchez Varela, que non estivo presente o día do Pleno, e que polo tanto habería que modificar o acta tanto no apartado que se refire aos Concelleiros asistentes, como respecto do número de concelleiros polos que se aproban todos os acordos, entendendo que cando establece “*por unanimidade dos trece membros que integran a Corporación Local*”, debería dicir “*por unanimidade dos doce membros asistentes*”.

Acto seguido, preguntou o presidente si algún membro da Corporación tiña que formular algunha outra observación con respecto á acta de dita sesión.

E non formulándose observacións á mesma, considerouse aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes que asistiron a dita sesión, tendo en conta as correccións aludidas no segundo parágrafo deste punto 1º).

*Punto 2º* **ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA VENDA DE ARTIGOS E PRODUTOS PROMOCIONAIS DA FESTA DO QUEIXO NO CONCELLO DE ARZÚA.**

Pola secretaria accidental dáse lectura do dictame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 19 de decembro de 2014; no seguinte sentido:

*“Toma a palabra a Presidenta da Comisión explicando que esta nova ordenanza tramitase a instancias do Departamento de Cultura do Concello, que presenta unha serie de produtos promocionais da Festa do Queixo, xunto cunha proposta de prezos que se considera acorde aos valores de mercado que teñen os mesmos. Os produtos vanse vender a través de máquinas rexistradoras que expiden uns tickets que serven para controlar as vendas. Loxicamente, quedan excluídos da aplicación desta ordenanza aqueles produtos que se destinen ou utilicen en actos protocolarios.*

*Continúa comentando a Presidenta a lista de produtos e os prezos establecidos para os mesmos, cales son os seguintes:*

<b>Descrición Produto</b>	<b>Prezo/ud.</b>
CAMISETAS EDICIÓNS ANTERIORES	3 euros
CAMISETAS LOGO -adulto-	8 euros
POLO LOGO MULLER –adulto-	10 euros
CAMISETAS LOGO -infantil-	6 euros
CINCEIRO PRAIA	1 euro
CINCEIRO PORTÁTIL	2 euros
PORTA-BOCADILLOS	3 euros
BANDOLERA	5 euros
MOEDEIRO	5 euros
YO-YO	3 euros
PARAUGAS ANTONIO MIRÓ	12 euros
PARAUGAS	10 euros
LIBRETA	3 euros
LIBRETA PEQUENA	2 euros
MEMORIA USB	10 euros
GORRO CHEF	6 euros
MANDÍS (PREZO EXPOSITORES)	8 euros
MANDÍS (PREZO VENDA PÚBLICA)	10 euros
IMÁN	1 euro
MARCAPÁXINAS	1 euro
CHAPA	1 euro
BOLSA ‘ANTONIO MIRÓ’	3 euros
BOLSA TEA	1 euro
BOLSA EDICIÓNS ANTERIORES	1 euro
PRATO FESTA DO QUEIXO ACTUAL	12 euros
PRATO EDICIÓNS ANTERIORES	6 euros
FUNDA IPAD	10 euros
MOCHILA PLÁSTICO	3 euros
MOCHILA TEA	2 euros
MOCHILA SPORT	6 euros

<i>PORTAMÓBIL</i>	<i>3 euros</i>
<i>IDENTIFICADOR DE VIAXE</i>	<i>2 euros</i>
<i>GORRA</i>	<i>3 euros</i>
<i>DISPENSADOR BOLSAS CAN</i>	<i>2 euros</i>
<i>COLETEROS</i>	<i>1 euro</i>
<i>XOGO TANGRAM</i>	<i>2 euros</i>
<i>PORTATODO PRAIA</i>	<i>3 euros</i>
<i>BOLÍGRAFO</i>	<i>1 euro</i>
<i>XOGO LOGO</i>	<i>3 euros</i>
<i>ESTUCHE</i>	<i>5 euros</i>
<i>ALFOMBRILLA CALCULADORA</i>	<i>6 euros</i>
<i>BLOC NOTAS</i>	<i>3 euros</i>
<i>PORTADOCUMENTOS</i>	<i>4 euros</i>
<i>CALCULADORA</i>	<i>5 euros</i>
<i>CARPETA LOGO</i>	<i>3 euros</i>
<i>SET OFICINA</i>	<i>5 euros</i>
<i>CHAVEIRO</i>	<i>2 euros</i>
<i>AMBIENTADOR</i>	<i>2 euros</i>
<i>CESTA MULTIUSOS</i>	<i>3 euros</i>
<i>LINTERNA</i>	<i>4 euros</i>
<i>FUNDA MÓBIL</i>	<i>4 euros</i>
<i>AURICULARES</i>	<i>4 euros</i>

*Intervén a Sra. Balado Conde (do P.S de G) mostrando o seu acordo coa ordenanza proposta.*

*Toma a palabra a Sra. Castro Pampín (do P.P) manifestando tamén a súa conformidade coa nova ordenanza.*

*E sometido este asunto a votación ordinaria, adoptouse por unanimidade dos sete concelleiros asistentes o acordo de informar favorablemente a aprobación da Ordenanza reguladora do prezo público pola venda de artigos e produtos promocionais da Festa do Queixo no Concello de Arzúa.”*

---

Manifestan tanto a Sra.Balado Conde (do PSdeG, PSOE), o Sr. Orois Valiño (do PP) como a Sra. Varela Duro (do BNG) que se reiteran no que dixeron na comisión de contas.

Intervén o Sr. alcalde para explicar:

-Que se trata dunha ordenanza que deriva dos cambios que se realizaron na organización da festa do Queixo, que pasa de estar organizada en parte pola asociación da festa do Queixo a estar organizada polo Concello; e por iso agora é necesario sacar esta ordenanza.

-Que quizá o que mais lle afecte á xente cando estea aprobada esta ordenanza sexa a venda de pratos da festa, que se poderá seguir realizando nos establecementos

comerciais e nos bares; pero sempre e cando os compren previamente no concello, e se ningún establecemento estivese interesado na venda dos mesmos, venderanse unicamente polo concello no mesmo día da Festa do Queixo no stand do Concello.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde decidiu someter este asunto a votación ordinaria, adoptándose –por unanimidade dos trece membros que integran a Corporación Local (6 do BNG , 6 del PP e 1 do PSdeG-PSOE)- os seguintes acordos:

**Primeiro.**- Aprobar inicialmente a ordenanza reguladora do prezo público pola venda de artigos e produtos promocionais da Festa do Queixo, nos termos en que quedou redactada.

**Segundo.**- Expoñer ao público o expediente no Taboleiro de Edictos da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo de trinta días hábiles, durante os cales os interesados poderán presentar reclamacións e suxerencias.

**Terceiro.**- Que para o suposto de que non se presenten reclamacións contra dita ordenanza, durante ese período de información pública, considerárase elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial.

**Cuarto.**- Para o anterior suposto (de aprobación tácita) publicarase integramente -o texto da referida ordenanza así como este acordo de aprobación- no Boletín Oficial da Provincia.

Sen que poida entrar en vigor a ordenanza ata que sexa publicada en dito Boletín, e transcorra tamén o prazo de quince días hábiles a que se refire o artigo 70 nº 2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

***Punto 3º) ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA UTILIZACIÓN DE STANDS OU OUTRO MOBILIARIO DURANTE A CELEBRACIÓN ANUAL DA FESTA DO QUEIXO.***

Pola secretaria accidental dáse lectura do dictame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 19 de decembro de 2014; no seguinte sentido:

*“A Presidenta da Comisión explica que o obxectivo desta ordenanza é establecer un prezo pola utilización dos stands e outro mobiliario, en concreto os mostradores, durante a celebración anual da festa do queixo. Establécense distintos prezos para os stands en función das zonas. Segundo o plano que se xunta como anexo á ordenanza, a capacidade do recinto feiral na zona B é de 52 stands formando illas de 4 stands; e na zona A a capacidade é de 9 locais. Para os stands da zona B establécese un prezo de 120 € por stand, polo que a recadación total sería de 6.240 €. Para os stands da zona A establécese un prezo de 60 € por stand, co cal a recadación total sería de 540 €.*

*Continúa explicando a Presidenta que o prezo pola utilización dos mostradores fixouse en 25 € por mostrador. Estimando a utilización de mostradores nun 50% sobre*

*a dos stands, obtemos un número de 26 mostradores, e tendo en conta o prezo de 25 € por mostrador, a recadación total sería de 650 €.*

*En base ao exposto, a recadación total entre stands e mostradores sería de 7.430 €; e xa que o custo do aluguer de mostradores, stands e rotulación dos mesmos por parte do Concello estímase en 7.056,25 € (segundo o presuposto realizado no ano 2014), daríase cumprimento ao establecido no artigo 44 do TRLRFL no relativo a que o importe do prezo público deberá cubrir, como mínimo, o custo do servizo prestado.*

*Toma a palabra a Sra. Balado Conde (do P.S de G) preguntando si a partir de agora este prezo vaino seguir cobrando a Asociación ou só o Concello.*

*Contesta a Presidenta que a partir de agora este prezo vaino cobrar só o Concello e que por eso se elabora esta ordenanza.*

*Responde a Sra. Balado Conde (do P.S de G) que lle parece ben a ordenanza proposta.*

*Toma a palabra a Sra. Castro Pampín (do P.P) manifestando tamén a súa conformidade coa nova ordenanza.*

*E sometido este asunto a votación ordinaria, adoptouse por unanimidade dos sete concelleiros asistentes o acordo de informar favorablemente a aprobación da Ordenanza reguladora do prezo público pola utilización de stands ou outro mobiliario durante a celebración anual da Festa do Queixo.”*

---

Manifestan tanto a Sra.Balado Conde (do PSdeG, PSOE), e o Sr. Orois Valiño (do PP) que se reiteran no indicado na comisión de contas.

Indica a Sra. Varela Duro (do BNG) que non ten nada que engadir.

Intervén o alcalde para explicar:

-Que esta é unha ordenanza relacionada coa Festa do Queixo para regular o prezo pola utilización dos stands e doutro mobiliario, en concreto os mostradores, durante a celebración anual da festa do queixo. Establécense distintos prezos para os stands en función de tres zonas: zona das persianas, que son os postos que están dentro do recinto; e zona B e C que é a zona dos stands.

- Que tamén ata o de agora isto víñao xestionando a Asociación da Festa do Queixo e agora pasa a xestionalo o concello.

- Que a maior diferenza con respecto a anos anteriores é que antes cobrábase unha fianza e despois devolvíase, e agora xa se cobra o total sen poñer fianza ningunha.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde decidiu someter este asunto a votación ordinaria, adoptándose –por unanimidade dos trece membros asistentes (6 do BNG , 6 del PP e 1 do PSdeG-PSOE)- os seguintes acordos:

**Primeiro**.- Aprobar inicialmente a ordenanza reguladora do prezo público pola utilización de stands ou outro mobiliario durante a celebración da Festa do Queixo.

**Segundo.**- Expoñer ao público o expediente no Taboleiro de Editos da Casa do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo de trinta días hábiles, durante os cales os interesados poderán presentar reclamacións e suxerencias.

**Terceiro.**- Que, para o suposto de que non se presenten reclamacións contra dita ordenanza, durante ese período de información pública, considerárase elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial.

**Cuarto.**- Para o anterior suposto (de aprobación tácita) publicarase integramente –o texto da referida ordenanza así como este acordo de aprobación- no Boletín Oficial da Provincia.

Sen que poida entrar en vigor a ordenanza ata que sexa publicada en dito Boletín, e transcorra tamén o prazo de quince días hábiles a que se refire o artigo 70 nº 2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

***Punto 4º) RESOLUCIÓN DA ALEGACIÓN PRESENTADA POR VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA SAU, EN RELACIÓN COA MODIFICACIÓN DO ARTIGO 6 DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR SUBMINISTRACIÓN DE AUGA, CONSERVACIÓN DE CONTADORES E ACOMETIDAS.***

Pola secretaria accidental dáse lectura do dictame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 19 de decembro de 2014; no seguinte sentido:

*“Toma a palabra a Presidenta da Comisión para informar de que durante o prazo de exposición pública da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa por abastecemento de auga, VIAQUA presentou unha alegación na que poñía de manifesto que as novas taxas publicadas no BOP e calculadas conforme á actualización do IPC adoeían dos seguintes erros:*

*- Nos usos domésticos:*

- *para o mínimo de 10m3 mes o importe sería 0,4604 €/m3 e non 0,4603 €/m3.*

*- Nos usos domésticos:*

- *para o mínimo de 50 m3 mes o importe sería 0,5986 €/m3 e non 0,5998 €/m3*
- *por m3 que exceda do mínimo sería 0,9437 €/m3 e non 0,9456 €/m3*

*- Nos usos para obras:*

- *Por m3 que exceda do mínimo sería 1,0590 €/m3 e non 0,9437 €/m3*

*Continúa explicando a Presidenta que despois de examinar o expediente comprobouse que as únicas diferencias existentes con respecto ao aprobado polo Pleno na sesión do 31 de outubro eran as referidas a:*

- Mínimo de 10m<sup>3</sup> mes nos usos domésticos, xa que o pleno aprobara a cantidade de 0,4603 €/m<sup>3</sup>
- M<sup>3</sup> que excede do mínimo nos usos para obras, xa que o pleno aprobara a cantidade de 1,0589 €/m<sup>3</sup>

e que estas diferencias son debidas a que como os importes se detallan con catro decimais, ao ser o quinto decimal superior ao 5, o cuarto ten que redondearse ao seguinte enteiro; e que as outras dúas diferencias non existen con respecto á aprobación inicial, senón que o erro estaba no anuncio publicado no BOP, o cal xa foi corrixido.

Polo tanto, explica a Presidenta, o que tería que modificarse sería o seguinte:

A.- Usos domésticos:

1.- Por mantemento do servizo €/ m<sup>3</sup>  
 1.1.- Mínimo de 10 m<sup>3</sup> mes ----- 0,4604 €/m<sup>3</sup>

C.- Usos para obras

1.- Por mantemento do servizo  
 1.2.- Por m<sup>3</sup> que exceda do mínimo ----- 1,0590 €/m<sup>3</sup>

*Intervén a Sra. Balado Conde (do P.S de G) manifestando que si a modificación resulta procedente, haberá que facela sen mais.*

*Toma a palabra a Sra. Castro Pampín (do P.P) manifestando tamén a súa conformidade neste caso coa modificación do artigo 6 da ordenanza fiscal.*

*E sometido este asunto a votación ordinaria, adoptouse por unanimidade dos sete concelleiros asistentes o acordo de informar favorablemente a aprobación da modificación do artigo 6 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por subministración de auga, conservación de contadores e acometidas.”*

---

De seguido realizáronse as seguintes intervencións:

\* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para manifestar que é unha modificación obrigatoria e polo tanto vota a favor.

\* Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar que o grupo do Partido Popular votará a favor.

\* Da Sra. Varela Duro (do BNG) para indicar que non ten nada que engadir ao respecto.

Tras o exposto, o Sr. alcalde decidiu someter este asunto a votación ordinaria, adoptándose -por unanimidade dos trece membros asistentes (6 do BNG , 6 del PP e 1 do PSdeG-PSOE)- os seguintes acordos:

**Primeiro.-** Estimar a alegación presentada por VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA SAU, en relación coa modificación do artigo 6 da ordenanza fiscal reguladora da taxa por subministración de auga, conservación de contadores e acometidas; e en consecuencia, modificar o texto aprobado inicialmente, na sesión plenaria de 31 de outubro de 2014, para quedar redactado o texto do artigo 6 no seguinte sentido:

*A.- Usos domésticos:*

*I.- Por mantemento do servizo*  $€ / m^3$   
*I.1.- Mínimo de 10 m<sup>3</sup> mes -----*  $0,4604 € / m^3$

*C.- Usos para obras*

*I.- Por mantemento do servizo*  
*I.2.- Por m<sup>3</sup> que exceda do mínimo -----*  $1,0590 € / m^3$

(as outras dúas diferencias solicitadas na alegación non existen con respecto á aprobación inicial, senón que o erro estaba no anuncio publicado no BOP, o cal xa foi corrixido).

**Segundo.-** Aprobar definitivamente a Ordenanza, introducindo no texto inicial a modificación resultante da estimación da alegación presentada por VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA SAU.

**Terceiro.-** Publicar no Boletín Oficial da Provincia o texto íntegro da ordenanza resultante das modificacións introducidas como consecuencia da estimación da alegación presentada (tendo en conta tamén o texto que resultou da corrección do BOP); así como publicar no Boletín Oficial da Provincia a parte dispositiva deste acordo, a efectos de que poida entrar en vigor o mesmo día da súa publicación, sendo de aplicación a partir do día seguinte.

**Punto 5º) LÍMITE DO GASTO NON FINANCEIRO PARA O EXERCICIO 2015.**

Pola secretaria accidental dáse lectura do dictame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 19 de decembro de 2014; no seguinte sentido:

*“Explica a Presidenta da Comisión que o artigo 30 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira esixe a aprobación anual dun teito de gasto non financeiro compatible co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto, que marcará a asignación de recursos dos orzamentos. Unha vez elaborado o orzamento do exercicio 2015 calculouse o límite máximo de gasto non financeiro para o exercicio, calculando por un lado o teito compatible co obxectivo de estabilidade orzamentaria, e por outro o teito compatible coa regra de gasto. Ao ter que ser compatible con estas dúas magnitudes o teito máximo resultante a aprobar será o menor de ambas magnitudes. Como resultado dos cálculos efectuados sobre os estados numéricos do orzamento de ingresos e gastos, a compatibilidade deste límite de gasto co obxectivo de estabilidade orzamentaria sitúase nos 4.522.996,34 €, mentres que a compatibilidade coa regra de gasto sitúase nos 4.025.171,93 €, polo que será este último o que dará cumprimento ao mandato do artigo 30 da Lei orgánica.*



*Toma a palabra a Sra. Balado Conde (do P.S de G) manifestando que este tema do teito de gasto está intimamente relacionado cos orzamentos e que polo tanto ten que estudialo mellor, e falalo cos seus compañeiros, polo que non se vai pronunciar sobre o mesmo ata o Pleno.*

*Toma a palabra a Sra. Castro Pampín (do P.P) no mesmo sentido, indicando que ten que estudialo mais a fondo e comentalo cos seus compañeiros.*

*E sometido este asunto a votación ordinaria, adoptouse por tres votos a favor - dos tres concelleiros do BNG, Sra. Torreiro González, Sra. Varela Duro e Sr. Fernández Segade- ; e catro abstencións -da concelleira do PS de G, Sra. Balado Conde e dos tres concelleiros do PP, Sra. Vázquez Orois, Sra. Castro Pampín e Sr. Rodríguez Vázquez-; o acordo de informar favorablemente a aprobación do límite de gasto non financeiro para o exercicio 2015.”*

---

Seguidamente realizáronse as seguintes intervencións:

\*Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expoñer:

- Que o tema do límite do gasto non financeiro veo normal, pero outra cousa é o orzamento para 2015, xa que teñen desde hai catro ou cinco días a documentación e é resulta dificilísimo mirala toda con detemento.

- Que considera que se debería de dar a todos os concelleiros un borrador dos orzamentos antes de levalos a Pleno, porque leva o seu tempo miralos detidamente.

- Que o grupo de goberno deberíanos consultar antes de levar os orzamentos porque están en minoría; que entendo que non é doado porque no fondo hai o que hai, as subvencións son menores, os ingresos do Concello por parte das Administracións tamén son menores, pero ao ser un goberno en minoría deberíanos de haber consultado, polo menos ao PSdeG-PSOE.

\*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para indicar:

- Que sempre se nos avisa para darnos os orzamentos 15 ou 20 días antes de que vaian a pleno e esta vez non me chamou ninguén para recollelos.

- Que é unha falta de lealdade por parte do equipo de goberno, non só hacia o grupo do PP senón tamén hacia o grupo do PSOE, porque non se nos pode pedir que aprobemos algo que non se nos da a coñecer adecuadamente. Que sempre presentaban emendas, pero que esta vez non as poden facer porque non teñen ningunha documentación dos orzamentos.

- Que deberían de avisar cando se vai levar un tema tan delicado como son os orzamentos. Que da igual que o goberno está en maioría ou en minoría. Que cree que é unha conducta democrática o poñer en coñecemento e avisar que un tema tan delicado como os orzamentos vai ir ao Pleno.

Manifesta o Sr. alcalde:

- Que agora hai que centrarse no punto que estamos tratando, logo xa haberá tempo para debater o orzamento.

- Que este concello é un dos poucos que cumpre con este límite de gasto non financeiro.

Non habendo máis intervencións, o Sr. alcalde someteu este asunto a votación ordinaria, adoptándose –por sete votos a favor ( 6 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE), coa abstención dos seis concelleiros do Partido Popular- o acordo de aprobar o límite de gasto non financeiro para o exercicio 2015, aos efectos de dar cumprimento ao disposto no artigo 30 la Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, por un importe de 4.025.171,93 euros.

***Punto 6º) ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2015 E CADRO DE PERSOAL AO SERVIZO DESTA ENTIDADE LOCAL.***

Pola secretaria accidental dáse lectura do dictame que, en relación con este asunto, emitiu a Comisión especial de Contas e de Economía e Facenda, na sesión celebrada o día 19 de decembro de 2014; no seguinte sentido:

*“A Presidenta da Comisión informa de que neste último asunto da orde do día, preséntanse os orzamentos para o ano 2015, cun importe total de 4.902.410 euros tanto en gastos como en ingresos. Trátase dun orzamento equilibrado, e nos estados numéricos detállanse os importes a inverter en cada área de gasto. Xunto cos estados numéricos inclúense as memorias, informes e demais documentos esixidos pola normativa orzamentaria e de estabilidade orzamentaria.*

*Continúa explicando a Presidenta de que o importe total do orzamento presenta unha baixa de 199.965 € con respecto ao do ano anterior, 2014. Esta variación débese fundamentalmente á que o capítulo 7 de ingresos (onde se reflexan as subvencións recibidas doutras administracións para inversións) é inferior ao deste ano 2014, xa que este último incluía as previsións de ingresos do DTC93, e para o ano 2015 non contamos aínda con información respecto deste plan.*

*O orzamento para o ano 2015 cumpre os principios de estabilidade orzamentaria, equilibrio orzamentario, regra de gasto e límite de débeda, tal e como se desprende do informe de intervención.*

*Toma a palabra a Sra. Balado Conde (do P.S de G) manifestando que este asunto ao igual que o suposto anterior ten que estudialo mellor e falalo cos seus compañeiros, polo que non se vai pronunciar sobre o mesmo ata o Pleno.*

*Toma a palabra a Sra. Castro Pampín (do P.P) no mesmo sentido, indicando que ten que estudialo mais a fondo e comentalo cos seus compañeiros.*

E sometido este asunto a votación ordinaria, adoptouse por tres votos a favor - dos tres concelleiros do BNG, Sra. Torreiro González, Sra. Varela Duro e Sr. Fernández Segade- ; e catro abstencións -da concelleira do PS de G, Sra. Balado Conde e dos tres concelleiros do PP, Sra. Vázquez Orois, Sra. Castro Pampín e Sr. Rodríguez Vázquez-; o acordo de informar favorablemente a aprobación do orzamento municipal para o exercicio 2015 e cadro de persoal ao servizo desta entidade local.”

---

De seguido realizáronse as seguintes intervencións:

\* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para indicar:

- Que quere recalcar o que dixo anteriormente, que nos parece imposible mirar toda a documentación do orzamento, máxime estando ela sola como concelleira, e aínda que tivo o apoio dos compañeiros; que deberíamos de ter polo menos un borrador con 15 días de antelación.

- Que non cre que estes orzamentos sexan ruinosos para o concello nin moito menos, pero que era convinte que se consultara aos grupos da oposición, e non se fixo.

\* Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expoñer:

- Que lle gustaría saber se hai algún motivo polo que non se lle facilitaron os orzamentos, porque non pode opinar sobre eles debido a que os descoñece.

Pregunta o Sr. Alcalde se el persoalmente chamara algunha vez para que viñeran a ver os orzamentos, indicando que el puido dicir que xa estaban preparados, pero non chamou a ningún.

Continúa o Sr. alcalde manifestando:

-Que algúns concelleiros sabían perfectamente que se andaban preparando os orzamentos porque o comentara, pero outra cousa moi distinta é avisar para que viñeran a buscar a documentación porque el iso nunca o fixo.

- Que non sabe quen é o responsable de avisar os concelleiros, que terao que averiguar e preguntarlle porque non o fixo.

- Que cree que foi un fallo dun funcionario ou traballador laboral fixo que é o que se dedica normalmente a este tipo de cousas, e que terá que saber que é e preguntarlle porque non avisou.

\*Volve a intervir o Sr. Orois Valiño (do PP) para manifestar:

- Que non vai culpar a ningún funcionario do concello, pero que soamente con que se avisase recollería a documentación calquera persoa, como fixo sempre.

-Que se tivera a documentación podería facer unha emenda polo ben de todos, unha emenda constructiva, para aforrar cartos.

- Que quixera preguntar a interventora se os orzamentos xerais do Estado pendentes de aprobar poden incidir neste orzamento, porque pensa que non había tanta urxencia en ter que levar agora os orzamentos.

Contesta o alcalde:

- Que para o equipo de goberno si teñen urxencia debido aos cambios que hai na organización da Festa do Queixo, e iso foi unha das cuestións principais que nos levou a levar os orzamentos en decembro.

- Que non é nada raro, porque nos concellos cercanos nos que goberna o PP en case todos teñen os orzamentos aprobados,.

- Que nos é o primeiro ano que os aprobamos en decembro, pero que moitos dos concellos do PP que nos rodean teñen por costume aprobalos en decembro, co cal non debe ser unha costume tan estraña.

De seguido contesta a interventora a pregunta realizada polo Sr. Orois Valiño o seguinte:

- Que as leis anuais dos orzamentos xerais do estado si teñen incidencia nos orzamentos das administracións públicas e polo tanto nos das entidades locais, sobre todo no tema das retribucións do persoal, en relación cos incrementos que se permitan ou non.

- Que para elaborar este orzamento tívose en conta o proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado que se sole aprobar a finais de ano, e que contempla igual

que nestes tres últimos anos a prohibición de calquera tipo de incremento nas retribucións do persoal ao servizo das administracións públicas.

- Que pode haber modificacións nos trámites parlamentarios debido a emendas que poidan afectar; pero a día de hoxe non se coñecen, e que todo o que se coñece a día de hoxe tívose en conta para elaborar estes orzamentos.

Indica o Sr. alcalde:

-Que dende o día en que se convocou a comisión de contas, tivestes tempo a vir buscar a documentación, porque pasaron seis días como mínimo, e non esperar ao Pleno para dicir que no forades avisados.

- Que lembra perfectamente o seu discurso de investidura como alcalde no que dixo que o que cría que necesitaba Arzúa era unha dose de responsabilidade e honestidade, e que nese sentido teríades todas as portas abertas de todos os departamentos do Concello para buscar ou preguntar a información que vos dera a gaña e poderíades tamén participar tanto nos plans da Deputación, como nos orzamentos como en calquera outra cousa.

- Que esa foi sempre a súa tónica, ben é certo que vós participabades mais co grupo de goberno ao principio desta lexislatura que agora, porque agora será que estamos todos pensando nas vindeiras eleccións.

- Que o Sr. Orois Valiño agora pisa menos o Concello que antes e non pode esperar que o estea chamando continuamente, tamén el pode chamar e indicar se ten algún plan ou proxecto que queira incluír nos orzamentos e comentalo.

Manifesta a Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE):

- Que a ela si que a avisaron para as comisión e pola documentación e que supón que chamarían a todos.

- Que é moita documentación para estudiala en tan poucos días e que deberíamos de ter un borrador do orzamento antes da celebración das comisións, porque en catro ou cinco días é moi difícil facer un plantexamento para presentar unha alegación.

Expón o Sr. Orois Valiño (do PP):

-Que recoñece que ven pouco polo Concello e que cada vez gústalle menos, porque o que non se pode é dar 5 días para estudar algo cando se necesitan 15 ou 20 días, que debería dar un borrador antes como se fixo sempre.

-Que co tema do POS pasou exactamente o mesmo, e tanto o grupo do PP como o de PSOE apoiámolo igual, que non se nos dou baza ningunha estando como estades en minoría, e recoñecestes que debiades de habelo feito pero sempre a posteriori.

- Que non o avisou ninguén de nada, e non cre que custase tanto traballo dicirlle a un funcionario que nos avisase; e cando un se entera xa non ten tempo para poder estudar a documentación; e que por iso non se pode pedir e que se asine o que se nos poña diante.

- Que por parte do equipo de goberno estase pasando da oposición dunha maneira que non é normal.

- Que se cre que isto é un tema de cuestións electorais, o que dixo o señor alcalde na prensa sobre unha noticia dun compañeiro do partido popular de novas xeracións que foi á radio e que fixo un comentario sobre o derribo dun andar dun edificio de Arzúa, de cuxa noticia mandou unha corrección a cal non se publicou polo motivo que fose; e que tamén se dixo que era con motivos electorais.

- Que o grupo do PP o que quere é que se cumpran as sentenzas e resolucións xudiciais, e non as imos criticar en absoluto. Esa é unha opinión do PP a nivel local e non é por cuestións electorais.

- Que se facemos esta crítica agora non é tampouco por cuestións electorais, porque el non ten ningún interese nas cuestións electorais xa que está desexando marchar.

Manifesta o Sr. alcalde:

- Que como ves o meu talante é extraordinario porque déixoches meter o tema do sexto andar que non ven ao caso para nada, e cando pasa unha cousa desas o que se pensa e que estamos a 5 meses das eleccións e convén sacar certas cousas.

-Que creo que vivides en épocas anteriores á crise, cando había un montón de convenios e mais orzamento e podíase negociar mais ou menos.

- Que o orzamento total é de 4.900.000 euros, en gastos de persoal son 1.611.000 euros e non houbo variación ningunha con respecto ao anterior orzamento salvo dúas xubilacións que se acaban de cubrir; en gastos correntes e bens o total é 2.394.000 euros no cal tampouco hai variacións. Se queredes que vos chame para dicirvos se vos parece ben que aumente 200 euros na partida de material de oficina, pois podo facelo, pero parécelle unha estupidez.

- Que sempre se adapta o gasto que houbo o ano anterior para este ano, pero sen grandes diferencias.

- Que a cuestión principal está nos investimentos que son 535.000 euros, dos cales 140.000 euros van ir para o proxecto de sinalización en varias parroquias. Que ese tipo de cousas podíades votarmas en cara se fora o propio goberno o que propuxera eses proxectos, pero sabedes que foron propostas polos veciños das parroquias cando eu e algún dos concelleiros fomos a visitalas, que sabedes que a sinalización en moitas parroquias é moi antiga e necesítase cambiar. Pareceunos ben o proposto polos veciños e incluímolos no POS.

- Que o investimento na ampliación da rede de auga potable a núcleos da parroquia de Dombodán tamén foi outra petición dos veciños, e o que queda adicarse a mantemento e conservación de pistas.

- Que os orzamentos son propios da época en que estamos.

- Que na historia do Concello de Arzúa non houbo un goberno máis aberto a que puiderades traer propostas, e incluso poder preguntar nos departamentos todo o que queirades preguntar, se non o facedes non me culpades a min nin ao goberno nese sentido.

- Que estes orzamentos son facilísimos de entender, polo menos para os trece concelleiros que estamos aquí na corporación, dado que nos Plenos falamos normalmente deste tipo de cousas; que non cre que sexan uns orzamentos complicados e que leve tantos días miralos.

- Que o que acaba de explicar é o que hai, os orzamentos non esconden outra cousa.

- Que se queredes revisar o capítulo de gastos para indicar que nunha partida se pode recortar mais ou menos, podédelo facer, pero non considera que haxa posibilidade de aforrar nin de revisar nada porque este capítulo esta mais que mirado e taxado.

Volven a intervir:

\* A Sra. Balado Conde (PSdeG-PSOE) para expoñer:

- Que non esta dicindo que se avise para que vexamos se hai unha sinal mais ou menos, porque iso son cousas necesarias que piden os veciños, e nunca vai votar en contra do que pidan os veciños sempre que sexa factible.

- Que deberíase dar un borrador dos orzamentos, porque os que estades no grupo de goberno estades todos os días con estes temas e controládelos mais, pero nos non sabemos co que estades.

- Que vota en falta un borrador dos orzamentos, pero que non vai criticar o que vai neles, simplemente as formas.

- Que despois de consultar cos seus compañeiros de partido decidiron que as formas non eran esas, pero non vai votar en contra da aprobación do orzamento, porque votar en contra non suporía ningún beneficio para os veciños e veciñas de Arzúa.

\*O Sr. Orois Valiño (do PP) para indicar:

- Que as formas e o fondo non son esas, a cuestión non é si se poden aforrar 200 euros ou 5 euros; do que se esta falando é de que se poidan facer emendas sobre o aforro, aínda que non foran aprobadas, é unha cuestión de democracia e de participación de todos.

- Que aínda que presentaran unha emenda non habería moita modificación nos orzamentos, pero o que é esencial e que un poida facer dentro do capítulo de persoal ou gatos unha emenda, non á totalidade, porque no grupo popular sempre apoiamos o que podemos. Se debido a esa emenda houberse unha modificación dun céntimo, pois é respectable e habería que debatela igual, porque a esencia non é que se aforre ou non un céntimo, a esencia debatelo.

Indícalle o Sr. alcalde que tiveron 6 días para presentar alegacións e se non as presentaron foi porque non quixeron.

Contesta o Sr. Orois Valiño ao alcalde que a el non lle pode impoñer o alcalde o ritmo de traballo.

Indica o Sr. alcalde o Sr. Orois Valiño:

- Que tivestes seis días para poder traer algunha alegación, ao mellor non todas as que quixerades, pero si algunha.

- Que se tiverades tanto interese non esperariades a que se vos chamase.

- Que sobre os orzamentos non hai mais que dicir, fixo un resumo bastante axeitado, volven ir as axudas ao fomento de emprego, volve ir a partida de emerxencia social, axudas en educación para proxectos educativos, o ano pasado incrementárase o orzamento de cultura e este ano volve ir igual.

- Que intentará dentro da súa responsabilidade mantervos mais informados, pero tamén quero que sexades mais responsables e chamedes para pedir información e veñades mais polo concello.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a aprobación do orzamento municipal elaborado para o exercicio 2015 e do cadro de persoal ao servizo desta entidade local, nos termos en que foron presentados, adoptándose –por sete votos a favor (6 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE) e 6 en contra do Partido Popular- os seguintes acordos:

**Primeiro.**- Aprobar inicialmente o orzamento municipal para o exercicio económico 2015, nos termos en que foi elaborado.

**Segundo.**- Expoñer ao público o expediente por prazo de quince días hábiles, a efectos de reclamacións no Boletín Oficial da Provincia, conforme se dispón no artigo

169 nº 1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

**Terceiro**- Que –de conformidade con dito artigo- no suposto de no presentarse reclamacións contra dito expediente considerárase definitivamente aprobado; publicándose no Boletín Oficial da Provincia o resumo de cómo quedan os Capítulos do Estado de Gastos e de Ingresos do orzamento municipal, a efectos de que poida entrar en vigor; dando cumprimento así ao disposto no artigo 169 nº 5 e 3 do citado Real Decreto Lexislativo.

**Cuarto**- Que, de conformidade co número 4 do artigo 169 do mesmo Real Decreto Lexislativo 2/2004, remitirase copia do expediente á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma.

**Quinto**- Aprobar ao mesmo tempo o cadro de persoal funcionario e de persoal laboral ao servizo desta Entidade Local, que figura incluído no expediente do orzamento municipal.

#### **B) CONTROL E SEGUIMIENTO DA XESTIÓN MUNICIPAL:**

***Punto 1º) DAR CONTA DO DECRETO DITADO POLO ALCALDE CON DATA 4 DE DECEMBRO DE 2014.***

Dáse conta do seguinte decreto dictado polo Sr. alcalde con data 4 de decembro de 2014:

*“Elaborada por este Concello a documentación que se considerou necesaria, para poder participar no Plan Provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015; sendo aprobada a documentación procedente polo Pleno deste Concello na sesión celebrada o día 25 de novembro de 2014, entre a cal se atopa o proxecto técnico nomeado “Ampliación da rede de abastecemento de auga aos núcleos de Dombodan, A Torre, A Pedreira e Agra de Pares”, que elaborara o arquitecto técnico municipal don Luis Fole Barrio, con data novembro de 2014, por un orzamento total de 111.401,11 euros. E*

*Resultando que esa documentación presentouse de xeito telemático a través da páxina web da Deputación Provincial: [www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es) o día 27 de novembro de 2014.*

*Resultando que, unha vez revisada a documentación presentada, apreciáronse as seguintes deficiencias en relación co referido proxecto técnico:*

- 1) Falta o programa de traballo.*
- 2) Faltan os prezos descompostos.*
- 3) Falta o cadro de prezos 1 e 2.*
- 4) Os planos non poden ir aillados como enmendas, senón que teñen que ir incluídos no proxecto da obra.*

*Resultando que, en consecuencia, volveríase presentar ese proxecto técnico completo a través da plataforma SUBTEL, dispoñendo para iso dun prazo de dez días hábiles que concluiría o día 13 do presente mes de decembro.*

*Resultando que por este alcalde requiriuse ao arquitecto técnico municipal, Sr. Fole Barrio, (que elaborou o citado proxecto técnico), para que completase ese proxecto coa documentación indicada, sendo presentado polo mesmo arquitecto técnico o proxecto completo resultante da subsanación das deficiencias que foran observadas.*

*Considerando que o Pleno deste Concello, na sesión celebrada o día 25 de novembro de 2014, ao resolver sobre o punto 4º da súa Orde do día, nomeado “Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2015”, adoptou –entre outros- o acordo de “Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión de presente acordo e o correspondente expediente”.*

*Considerando que conforme se dispón no artigo 21 nº 1 letra b) da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, sería atribución do alcalde a de representar ao Concello.*

*Esta Alcaldía, tendo en conta os antecedentes expostos, **RESOLVEU:***

***Primeiro.**- Aprobar a subsanación das omisións e deficiencias observadas no proxecto técnico nomeado “Ampliación da rede de abastecemento de auga aos núcleos de Dombodan, A Torre, A Pedreira e Agra de Pares” tal como foron redactadas polo arquitecto técnico municipal, Sr. Fole Barrio, autor do referido proxecto que aprobara o Pleno do Concello, na sesión celebrada o día 25 de novembro de 2014.*

***Segundo.**- Concretar que o proxecto resultante da introdución das omisións e deficiencias apreciadas, non varia en canto ás demais prescricións que contiña o proxecto técnico aprobado polo Pleno, mantendo igualmente o mesmo importe de orzamento total e o seu desglose de prezos, así como o mesmo prazo de execución.*

***Terceiro.**- Dar conta desta resolución ao Pleno do Concello na vindeira sesión que celebre.”*

*Adoptándose –por unanimidade dos trece membros asistentes- o acordo de quedar enterados.*

---

*Antes de pasar á rolda de Rogos e Preguntas, o Sr. alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que se achegaba coa convocatoria desta sesión, e que non teña cabida na rolda de rogos e preguntas (que coincide co punto 2º do apartado B) Control e Seguimento da xestión municipal, da orde do día desta sesión).*

*Manifestando:*



- A Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) que desexaba presentar unha moción, para propoñer a creación dun foro ou comisión para que se analice a situación actual das feiras quincenais.

- O Sr. alcalde que o grupo político do BNG tamén desexa presentar outra moción, que acaba de chegar no día de hoxe, referida a modificación das condicións de adhesión a SOGAMA

Polo que se procedeu a tratar sobre as referidas mocións:

**MOCIÓN 1ª**.- Presentada pola Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) **para propoñer a creación dun foro ou comisión para que se analice a situación actual das feiras quincenais e das medidas que se poden tomar dende todos os ámbitos a fin de volver a dinamizar os mercados tradicionais e o Comercio Local.**

Sendo o texto de dita moción o seguinte:

*“Dende tempo ancestrais, as feiras do noso concello, constituiron o motor económico e social do noso pobo, sendo o lugar e momento de encontro para levar a cabo transaccións e intercambios que abastecían os foares e daban saída aos excedentes agrarios e gandeiros dos nosos veciños. Ao redor das feiras medraron os núcleos urbáns e floreceron negocios locais.*

*A importancia dos mercados/ feiras no pasado era moi elevada, por constituir un punto de encontro socioeconómico. Co paso do tempo, e máis recentemente, a necesidade destes puntos de encontro e intercambio económico e social reduciron a súa importancia e a súa necesidade, debido á propia evolución da economía, na cal as producións agrícolas e gandeiras se canalizan car unha industria transformadora moito máis especializada.*

*As circunstancias variaron durante as últimas décadas no relacionado cos mercados e feiras tradicionais, e iso tamén incidíu no comercio que, anteriormente, medrou nos núcleos onde se levaban a cabo as feiras.*

*A situación actual, e concretamente no noso concello, desemboca nunha perda de transaccións levadas a cabo nas feiras, nunha redución de expositores e de asistentes ás feiras quincenais. Como consecuencia de todo o anterior, o Comercio arzuán tamén se ve afectado, reducindo tamén o nivel de transaccións e ingresos e a o do número de persoas empregadas no mesmo.*

**PROPOSTA:**

*Ante a situación crítica actual das feiras de Arzúa, así como do Comercio do noso municipio, e a incidencia da crise actual, o PSdeG de Arzúa propón a creación dun foro ou Comisión participada polos grupos políticos, por membros do Comercio Local e por membros do Grupo de Expositores nas feiras quincenais, a fin de que se analice a situación actual das feiras quincenais e das medidas que se poidan tomar dende todos os ámbitos a fin de volver a dinamizar os mercados tradicionais e o Comercio Local.*

*Creemos necesario a reanimación do Comercio e das Feiras por varios motivos, entre os cales destacamos: a conservación das feiras por motivos da tradición e reactivación do Comercio Local por motivos socioeconómicos.*

*Por todo o anterior solicito que os membros desta Corporación amosen o seu apoio a esta proposta, e que dende o Concello se levan a cabo as iniciativas necesarias para a creación do Foro ou Comisión de análise proposta, así como implementación das medidas que deste Foro ou Comisión se propoñan, para o ben do noso pobo.”*

Deducíndose do contido desta moción a urxencia de que o asunto fose debatido nesta sesión, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a urxencia de tratar agora sobre dita moción, adoptándose –por unanimidade dos trece membros asistentes- o acordo de considerar xustificada a urxencia; polo que, en consecuencia, procedeuse a pasar ao debate e votación da moción.

---

De seguido realizáronse as seguintes intervencións:

\* Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expoñer:

- Que pensamos dende o grupo do PSOE que sería unha boa iniciativa, tanto que por parte dos membros da corporación, como do comercio local, como expositores das feiras, que se cre unha comisión para intentar solucionar o tema das feiras, debido a que cada ano están mais en decadencia.

- Que non se esta referindo a feira de capóns que houbo onte, na cal houbo pouca afluencia, porque eso estaría mais en relación con outras regulamentacións que se están aprobando pola Xunta en materia de sanidade.

- Que parcelle moi importante que entre todos os grupos políticos e os comerciantes de Arzúa se cre un foro ou grupo de xente para que se cren iniciativas para que as feiras do noso Concelo non vaian a menos como estamos a ver ano tras ano; acórdase que hai anos había ata exposicións de maquinaria agrícola e moitas actividades que desapareceron totalmente.

\*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expoñer:

- Que a proposta é moi axeitada aos tempos que corren, pero hai que dar solucións, porque as feiras actualmente como a de Arzúa están condenadas a súa desaparición, debido a que xa non son o que eran, a xente antigamente viña a comprar produtos de primeira necesidade, porque antes non había tanto comercios, nin había grandes almacéns nin supermercados.

- Que non se variou o concepto que había de feira e o erro e noso, hai que adaptarse os tempos.

- As feiras que funcionan pasaron a ser un acto lúdico de pasar o día, comer o polbo, de dar unha volta e comprar algo de aquí e de alá; as feiras de Padrón e Melide funcionan bastante ben porque aproveítanse os domingos.

- Que a única solución que hai para a feira de Arzúa e cambiar as datas de celebración, non se pode seguir coa tradición do 8 e 22 de cada mes, e deberían celebrarse o primeiro e terceiro sábado de cada mes, porque o primeiro sábado de cada mes a xente ten os cartos recentes e o terceiro sábado aínda lle poden quedar algúns.

- Que mentres non se tome a decisión de cambialas de data, se fale coas administracións competentes, e se convertan en días lúdicos para que a xente poida vir comer o polbo, dar unha volta e de paso mercar produtos ecolóxicos, queixos, etc...a Feira de Arzúa en pouco tempo está condenada á súa defunción.

\*Da Sra. Varela Duro (do BNG) para manifestar:

- Que están de acordo coa moción, en parte o que di o Sr. Orois Valiño e verdade, pero non na súa totalidade, porque na conciencia dos arzuáns e da comarca están marcados como días de feira o 8 e o 22.

- Que toda a decadencia da feira pode ser debida a un montón de circunstancias e variables como a crise, por un lado, e como se vai canalizando o comercio nas grandes áreas comerciais, o que foi modificando os hábitos da xente.

- Que Arzúa ao mellor despistouse un pouco en buscar puntos de atracción para defender a feira, xa hai moitos anos que se está levando o gando a Silleda, cambiáronse as formas de vender, e tampouco resultan favorables as normas que está poñendo a Xunta de Galicia, que aínda que son razoables para controlar o tema sanitario, recorta que a xente acuda cos seus produtos a feira. Está de acordo en que hai que regular a sanidade e a hixiene pero ao mellor doutra maneira.

- Que en moitas zonas funcionan as feiras, e por qué non van funcionar en Arzúa. Esta de acordo en que hai que mobilizar ao sector empresarial e agruparnos e unirmos todos.

\*Da Sra. Balado Conde (do PSdeG-PSOE) para expresar, que habería que buscar entre todos a mellor solución. Hai seis anos o grupo do PSdeG-PSOE fixeramos unha enquisa aos comerciantes sobre se preferían que se fíxese a feira un sábado, un domingo ou un día pola semana, ninguén votou o domingo, porque tiñan que abrir ese día e pagar aos empregados, ademais de que quedaban sen descanso. Pero que si está a falar do sábado eso xa lle parece mais razoable.

\* Do Sr. Orois Valiño (do PP) para indicar:

- Que ten a certeza de que se continúan celebrándose as feiras os días 8 e 22 van ir a pique.

- Que as feiras antigamente eran unha festa, había cine, a xente paseaba toda a noite; empezaban as seis da mañá e remataban as once ou doce da noite.

- Que se a xente está acostumada a que a feira sexa os días 8 e 22 pero iso pódese cambiar, porque cambiáronse moitas outras cousas e mais non pasou nada, as persoas somos animais de costumes, pero tamén as variamos. Se a feira non se volve a contemplar como un acto lúdico morrerá.

\*Do Sr. alcalde para indicar:

- Que hai cousas que non se poden debater agora, como é o tema dos días. Que o tema de debater agora sería se é bo crear ou non ese foro e el pensa que si.

-Que en Arzúa temos a tendencia de flaxelarnos moitísimo, vémolos pola festa do Queixo, e somos os primeiros en criticarnos a nos mesmos.

- Que non hai tanto tempo a feira do día 8 foi boísima, iso dino todos os comerciantes e a xente que foi á feira.

- Que tampouco é tan crítica a situación, hai feiras que son malas e hai outras que son boas e niso inflúen moitos factores: como o tempo, a apertura de áreas comerciais ou mesmo que agora xa non se vendan animais nas feiras.

- Que en Melide os intereses económicos están mais centrados no comercio e en Arzúa na gandería.

- Que é bo que entre todos cremos ese foro e non o deixemos para mais adiante.

- Que quere dicir que no resultado da feira do día 8 non só influíu que o día fora festivo, senón que tamén se celebrou o día do comercio local, con iniciativas que atraen moito á xente.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a proposta que presentou na súa moción a Sra. Balado Conde, adoptándose –por unanimidade dos trece membros que integran esta Corporación Local- o acordo de que se leven a cabo as iniciativas necesarias para a creación do foro ou comisión na que participen todos os grupos políticos, os membros do Comercio Local e os membros do grupo de expositores nas feiras quincenais, a fin de que se analice a situación actual das feiras quincenais e das medidas que se poidan tomar dende todos os ámbitos a fin de volver a dinamizar os mercados tradicionais e o comercio local.

**MOCIÓN 2ª**- Presentada polo grupo político do Bloque Nacionalista Galego, **sobre a modificación das condicións de adhesión a SOGAMA.**

Sendo o texto de dita moción o seguinte:

*“A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas vén de publicar a “Resolución de 15 de decembro, pola que se establecen as condicións para adhesión ao sistema promovido pola Administración autonómica para a xestión institucional de residuos domésticos”.*

*A devandita disposición é consecuencia da subida unilateral do canon satisfeito polos concellos polo tratamento do lixo que se encomenda a SOGAMA, un incremento que tivo contestación por parte de moitos concellos da Galiza, ao ser unha medida unilateral imposta nunha norma orzamentaria sen negociación previa. Para alén disto, o tempo demostrou non seren certas as cifras que se manexaban para argumentar unha suba absolutamente desproporcionada dentro dun sistema que nin tan sequera cumpre os criterios básicos de respecto aos mínimos criterios ambientais que os concellos deben esixir e que a sociedade demanda.*

*O desenvolvemento da disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2014, vén a profundizar no talante autoritario amosado polo Goberno galego nete conflito, ao impor agora unilateralmente, en comanda con SOGAMA, as novas condicións de adhesión ao sistema de tratamento de lixo, sen sequera ter comunicado, e moito menos negociado, as “novas” condicións cos concellos afectados.*

*Estamos, pois, perante unha actuación desafortunada, que violenta non só o principio de autonomía local, senón a imposición duhas novas condicións sen ningún tipo de diálogo e acordo cas entidades locais. De feito, nin tan sequera esta modificación se negociou e pactou coa FEGAMP.*

*As competencias en materia de xestión de residuos municipais, como a propia Resolución recoñece na exposición de motivos, exércense en cooperación coas entidades locais. Xa que logo, ao non tratarse dun servizo cuxa responsabilidade se atribúe a unha única administración, o establecemento das condicións para a súa prestación, e das relacións entre os distintos operadores do sistema, teñen que ser previamente consultadas e negociadas.*

*Neste caso, os concellos tiveron coñecemento polos medios de comunicación e no Diario Oficial de Galicia, en apenas no prazo de dous meses, teñen que*

*formalizar as novas condicións de adhesión ao sistema de xestión de residuos de SOGAMA. E estas novas condicións realíxanse baseándose nunha disposición normativa aprobada nunha lei orzamentario “expres*

*” sen que existise un consenso previo mínimo coas entidades locais. Ademais, o novo modelo substitúe os convenios vixentes, que foran consensuados e negociados en cada caso concreto, e incorpora aspectos que inciden na arbitrariedade e persecución, algo intolerable nun réxime democrático baseado na lealdade e no respecto institucional. Outorga a SOGAMA un papel preponderante á hora de interpretar os contratos e determinar a esixencia das futuras débedas, ao ser o seu requirimento o que habilita a retención dos importes ao Fondo de Cooperación Local. Dese xeito, o propio órgano encargado da xestión do Fondo convértese en simple instrumento recadador de SOGAMA, sen que os concellos poidan acudir a ningún mecanismo de resolución de conflitos no caso de estimaren abusiva a facturación de SOGAMA. Neste caso, ademais, xa se está a anunciar a aplicación de medidas concretas contra determinados concellos que, por fórmulas democráticas e legais, discuten este modelo de adhesión e subas unilaterias, polo que estamos ante unha versión anovada de persecución e caza de bruxas.*

*En suma, o Goberno galego persiste en identificar a viabilidade do sistema de xestión de residuos coa supervivencia económica de SOGAMA, no canto de estudar alternativas que superen un modelo cadudo, tanto pola súa insolvencia económica como ambiental.*

*Para o BNG, a Xunta deberá estar nestes momentos traballadno para fomentar alternativas a SOGAMA e colaborar e dialogar neste ámbito. Pola contra, comprobamos como pretenden continuar coas imposicións autocráticas e intentan frustrar as alternativas que neste ámbito poideran xurdir.*

*Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:*

*1. Interpór recurso contencioso-administrativo contra a “Resolución da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 15 de decembro, pola que se establecen as condicións para adhesión ao sistema promovido pola Administración autonómica para a xestión institucional de residuos domésticos” solicitando a suspensión cautelar desta entanto non haxa un pronunciamento xudicial firme.*

*2. Instar ao Goberno galego a restaurar o diálogo e o respecto á autonomía local no funcionamento de SOGAMA.*

*3. Instar ao Goberno galego a colaborar economicamente cos concellos de Galicia que pretendan impulsar tratamentos alternativos a SOGAMA e que estean baseados no fomento da reciclase fronte á incineración.”*

---

Xustifica o Sr. alcalde que a urxencia de debater e aprobar no seu caso, agora, esta moción, porque lle chegou no día de hoxe e tendo en conta os acordos que haberá que adoptar:

Tras o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria a urxencia de tratar agora sobre esta moción, adoptándose –por unanimidade dos trece membros asistentes-

o acordo de considerar xustificada a urxencia; polo que, en consecuencia, procedeuse a pasar ao debate e votación da moción.

---

De seguido realizáronse as seguintes intervencións:

\* Do Sr. alcalde para a explicar:

- Que o día 19 de decembro publicouse no DOG unha resolución pola que se modifican os convenios dos concellos con Sogama (empresa que leva a xestión do lixo).

- Que esta decisión tomouse unilateralmente, aínda que, na resolución publicada no DOG indicase que é un modo de xestión colectiva en cooperación coas entidades locais, e aínda así a Xunta para facer esta modificación tivo en conta só a Sogama, en ningún momento se puxo en contacto cos Concellos nin coa FEGAMP e iso esta creando bastante malestar nos concellos.

- As novidades mais importantes que se propoñen nesta resolución son:

+ Que nun prazo de 2 meses os concellos teñen que decidir si se adhiren ou non a este convenio.

+ Que unha vez adheridos temos a obriga de permanecer durante 5 anos coa xestión de lixo por parte de Sogama, isto será prorrogable tacitamente por outro período de 5 anos, salvo que con dous meses de adianto se manifesta o contrario.

+ Que no caso de que non se pague pola xestión, como pasou con moitos concellos que non estiveron de acordo coa suba da taxa no 34%, pode reter as participación dos concellos no Fondo de Cooperación Local.

+ Que non podemos crer que unhas decisións tan importantes foran tomadas unilateralmente, cando na mesma resolución se fai fincapé de que é un sistema compartido de xestión colectiva e de cooperación entre Sogama, a Xunta de Galicia e as entidades locais.

\*Da Sra. Balado Conde (do PSde G-PSOE) para indicar:

- Que ven sendo outra vez un chanchullo entre a Xunta e Sogama, como tamén pasou coa suba da taxa do lixo.

- Que lle parece unha aberración total que non se consultara coa FEGAMP e cos concellos e que aínda encima estariamos atados a esas novas condicións durante 5 anos; por estes motivos vai votar a favor da moción.

\*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expoñer:

- Que descoñece en amplitude este tema, pero respecto ao recurso contencioso-administrativo que se pretende interpor, parécelle moi ben que os concellos acudan a xustiza ordinaria que é quen ten que mirar se un convenio se axusta a legalidade ou se as dúas partes teñen as mesmas oportunidades.

- Que respecto aos concellos que se negan a pagar, non estamos de acordo con iso, porque se teñen un servizo teñen que pagalo, aínda que suba.

- Que o que non é de recibo e que alguén impoña unhas condicións de forma unilateral e que cando pasa iso a xustiza está para defender os dereitos.

\*Do Sr. alcalde para expoñer:

- Que nesa resolución de 15 de decembro de 2014 indicase “*A administración Autónoma disporá das competencias e potestades establecidas na lexislación de residuos, e en particular das facultades establecidas na disposición adicional*”

*citada, como as de fixar as condicións de adhesión, actualizar e revisar o canon unitario e ditar os acordos de retención nela regulados.”*

- Que hai que adherirse durante 5 anos e só unha parte ten a potestade de cambiar todo. A iso non se lle pode chamar convenio, porque é unha imposición.

- Que por exemplo o concello de Rianxo esta mirando outras alternativas a Sogama, pero como só dan un prazo de dous meses para formalizar as novas condicións de adhesión non lle vai dar tempo a miralo.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde someteu a votación as tres propostas de acordo que contén esta moción, adoptándose –por unanimidade dos trece membros integrantes desta Corporación Local- os seguintes acordos:

**Primeiro.**- Interpor recurso contencioso-administrativo contra a “Resolución da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 15 de decembro, pola que se establecen as condicións para adhesión ao sistema promovido pola Administración autonómica para a xestión institucional de residuos domésticos” solicitando a suspensión cautelar desta mentres non haxa un pronunciamento xudicial firme.

**Segundo.**- Instar ao Goberno galego a restaurar o diálogo e o respecto á autonomía local no funcionamento de SOGAMA.

**Terceiro.**- Instar ao Goberno galego a colaborar economicamente cos concellos de Galicia que pretendan impulsar tratamentos alternativos a SOGAMA e que estean baseados no fomento da reciclaxe fronte á incineración.

*Punto 2º) **ROGOS E PREGUNTAS.***-

Tras preguntar o Sr. alcalde si se ía a formular algún rogo ou pregunta; sen que se formulase ningún. Non se fixo uso deste punto da Orde do día.

E non habendo máis asuntos de que tratar, de orde do Sr. presidente dáse por rematado o acto, levantándose a sesión ás 21.55 horas do indicado día, estendéndose a presente acta, que será sometida á consideración dos membros desta Corporación Municipal asistentes á próxima sesión. Do que dou fe.